Orzamentos **2009**

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

Orzamentos 2009

MEMORIA DE OBXECTIVOS

E PROGRAMAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009. A primeira parte asegura a coherencia destas actuacións coa estrutura de Obxectivos Finais e Intermedios definidos no Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA).

Galicia atópase no grupo das rexións españolas incluídas no Obxectivo "Converxencia" dos Fondos Estruturais. O MECEGA recolle a síntese do diagnóstico, a estratexia de desenvolvemento rexional e os cadros e modalidades de apoio dos Fondos Estruturais FEDER e FSE, e asume os compromisos de financiamento comunitario coherentes coa aportación da C. A. ao Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013.

Exponse a programación de desenvolvemento e de converxencia coa UE, principalmente a través das prioridades comunitarias do FEDER e do FSE. Recóllese así mesmo a inserción da estratexia estrutural por Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2009.

Coa mesma finalidade expóñense as políticas sectoriais da UE para o medio rural e a pesca, a través do FEP 2007-2013 e do FEADER 2007-2013, así como as prioridades de gasto elixidas por Galicia para o ano 2009.

Nunha segunda parte analízase este gasto estratéxico poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre proxectos-programas e os grandes obxectivos fixados pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

AS PRIORIDADES ESTRATÉXICAS DO FEDER E DO FSE EN GALICIA NO PERÍODO 2007-2013

No período de programación 2007-2013 Galicia recibirá Axuda estrutural procedente do Fondo **FEDER** nunha contía estimada de 2.804,29 millóns de euros (Táboa 1).

Táboa 1. Distribución estimada da Axuda FEDER 2007-2013 para Galicia por Programas Operativos

Instrumentos de Intervención	Xestión-Admón	Millóns de euros	%
PO FEDER GALICIA	Xunta+AGE	2.191,544341	78,15
PO I+D+i TECNOLÓXICO FEDER	AGE	405,591292	14,46
PO ECONOMÍA DO COÑECEMENTO FEDER	AGE	199,865632	7,13
PO ASISTENCIA TÉCNICA FEDER	AGE	7,292610	0,26
Total Axuda FEDER a investir en Galicia		**2.804,293875**	100

Fonte: elaboración propia.

O programa de maior importe é o Rexional FEDER Galicia, que ascende a 2.191,54 millóns de euros e supón o 78,15 % do total da Axuda FEDER en Galicia, mentres que os outros tres POs teñen carácter plurirrexional, I+D+i, Economía do Coñecemento e Asistencia técnica FEDER, que supoñen unha Axuda FEDER a investir en Galicia de 612,75 millóns de euros, que representan o 21,85 % restante.

Por Decisión C(2007) 6079, de 30 de novembro de 2007, a Comisión Europea adoptou o PO de intervención comunitaria do FEDER no marco do obxectivo de converxencia para a C. A. de Galicia en España.

O enfoque estratéxico do FEDER 2007-2013 en Galicia, **articulado por Eixes de intervención, detállase a continuación.**

Eixe 1: Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC)

A través das actuacións comprendidas dentro deste Eixe, Galicia persegue fortalecer a competitividade das empresas galegas, apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT), fomentar a innovación empresarial e impulsar a utilización de novos coñecementos por parte das empresas, á vez que estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade.

No ámbito da I+D, estes esforzos de conversión cara a unha sociedade baseada no coñecemento irán acompañados do desenvolvemento tanto de centros como de

capacidades de investigación mediante a creación de novas infraestruturas científicas e tecnolóxicas, a mellora das xa existentes e o desenvolvemento de mecanismos e servizos de apoio para a transferencia do coñecemento xerado para a articulación dun sistema dinámico de I+D na rexión.

No ámbito empresarial, perséguese o fomento da innovación, así como o impulso de iniciativas de cooperación interempresarial para a difusión e utilización de novos coñecementos.

Tamén se levarán a cabo operacións encamiñadas á extensión das infraestruturas da sociedade da información, á promoción do sector TIC en Galicia, xunto co fomento do acceso dos cidadáns, das empresas e a da Administración rexional ás tecnoloxías da información e á comunicación. No ámbito da educación facilitarase o acceso e a utilización das novas tecnoloxías por parte do alumnado galego.

Polo que se refire á administración, desenvolveranse novos servizos de cara á modernización administrativa, prestándose especial atención á implantación da administración electrónica e métodos de xestión de calidade nas entidades locais galegas.

Eixe 2: Desenvolvemento e innovación empresarial

Preténdese fortalecer a competitividade das empresas galegas, fomentando a innovación empresarial e impulsando a iniciativa cara á produción, á difusión e á utilización de novos coñecementos polas empresas. Por outra parte, trátase de impulsar a proxección internacional do tecido produtivo galego e mellorar o seu acceso ao financiamento.

Para liberar todo o seu potencial de crecemento, as PEME son as principais beneficiarias deste Eixe. E a través do mesmo, impulsarase o crecemento e consolidación das PEME, incrementando a súa capacidade de innovación e a transferencia de coñecementos. Os centros de servizos (xerais e específicos) e os viveiros de empresas constituirán unha plataforma de apoio global e integrado ás PEME, microempresas e ás empresas de nova creación, así como un instrumento de cooperación entre institucións e empresas.

Por outra parte, prevese a promoción da iniciativa emprendedora na sociedade galega, a través da sensibilización, o estudo de necesidades e a formación, que se verán complementadas coas actuacións do Fondo Social Europeo neste ámbito.

Eixe 3: Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos

Este Eixe ten como obxectivo fundamental reforzar o potencial medioambiental de Galicia como vehículo para o desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno, aproveitando os recursos de forma integrada e racional e establecendo mecanismos de alerta e prevención fronte aos riscos ambientais. En liñas xerais, o seu obxectivo reside no cumprimento dos acordos de Gotemburgo.

Trátase, ademais de fomentar a conservación medioambiental e dos recursos naturais, de poñer en práctica políticas que exploten o potencial económico dos recursos ambientais da rexión, incluíndo as enerxías renovables, fomentando actividades económicas asociadas ás posibilidades medioambientais que supoñan un aproveitamento integral do medio.

Por outra parte, trátase de satisfacer as necesidades actuais en materia de saneamento e depuración de augas residuais e do aseguramento e mellora do abastecemento de auga á poboación, garantindo a dispoñibilidade de recursos hídricos en cantidade e calidade adecuados.

No que respecta ao contorno natural, o acondicionamento e recuperación de espazos e solos contaminados e a conservación da biodiversidade constitúen os pilares fundamentais nos que se basearán as actuacións a realizar.

Eixe 4: Transporte e enerxía

Con este Eixe prioritario, Galicia persegue mellorar a accesibilidade do seu territorio, especialmente por estrada e vía férrea de altas prestacións. Este obxectivo compleméntase coa provisión de alternativas de transporte público e colectivo, e cun obxectivo enerxético de redución da dependencia e optimización dos recursos enerxéticos existentes cunha perspectiva de sostibilidade.

Preténdese actuar en dous ámbitos que se complementan e reforzan mutuamente: por un lado, as intervencións irán encamiñadas a completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e mellorar a interoperabilidade dos diferentes transportes, e por outro, a continuar fomentando a xeración e produción de enerxías de fontes sostibles e mellorar a eficiencia enerxética.

En liña co obxectivo xeral de modernización da estrutura produtiva da rexión dende unha dimensión de sostibilidade, fomentarase o desenvolvemento e a aplicación de novas tecnoloxías e principios medioambientais nos medios de transporte. En materia de enerxía, fomentarase a aplicación da innovación no sector enerxético, en todas as fases do ciclo de produción, na distribución e no consumo, así como o desenvolvemento de tecnoloxías de enerxías renovables e alternativas que permitan aproveitar sinerxías e a creación de valor engadido no sector enerxético.

Eixe 5: Desenvolvemento sostible local e urbano

Os desequilibrios existente no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, xunto co envellecemento da poboación, inciden negativamente sobre o desenvolvemento económico do contorno galego e as condiciones de vida dos seus habitantes. En consecuencia, as actuacións a levar a cabo no marco dos Fondos Estruturais vanse concentrar de maneira decisiva na rexeneración económica das áreas máis desfavorecidas, co fin de contribuír ao reequilibrio territorial da rexión e potenciar a actividade económica ligada aos recursos endóxenos, especialmente no contorno rural.

Así, as políticas estruturais a favor das zonas rurais en Galicia centraranse no fomento do espírito empresarial entre a poboación, co fin de reducir os niveis de éxodo rural e na adaptación deste contorno ás novas demandas da economía globalizada.

Así mesmo, as cidades, especialmente as sete principais localidades galegas, desempeñarán un papel fundamental na política de cohesión comunitaria, xa que gozan das posibilidades efectivas de crear mecanismos de enlace e sinerxías entre formación, investigación e sector privado.

En canto ao desenvolvemento urbano, as actuacións terán como obxectivo principal responder ás necesidades das cidades en termos de rexeneración social e económica do seu contorno. Mediante o despregue dos proxectos integrados de rexeneración urbana e rural, destinados fundamentalmente aos pequenos e medianos municipios perséguese cohesionar o territorio galego. Así mesmo, perséguese reforzar a participación cidadá na xestión dos asuntos públicos e a mellora dos servizos locais.

Eixe 6: Infraestruturas sociais

Galicia proponse dar resposta a aquelas problemáticas que minan as súas posibilidades de desenvolvemento, e a consecución dunha sociedade máis igualitaria que proporcione as mesmas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional

a todos. O obxectivo é fundamentalmente a ampliación da dotación de infraestruturas educativas e contribuír á mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na sociedade galega.

Co fin de promover a conciliación da vida laboral e familiar fomentarase e apoiarase a creación de infraestruturas para os nenos de 0 a 3 anos, tanto as de carácter público, como as de carácter empresarial, así como os centros de maiores.

Por outra parte incrementaranse os centros de acollida para mulleres vítimas da violencia doméstica, cun enfoque máis integrador.

Así mesmo traballarase na mellora das infraestruturas educativas e de formación xa existentes, adaptándoas ás novas necesidades da sociedade e á economía (TIC, mellor accesibilidade…), ao mesmo tempo que se seguirán creando novos centros, que contribúan á consecución dun ensino de calidade, que permita a redución do fracaso escolar e a formación integral do alumnado que facilite a súa inserción laboral.

Fomentarase a creación de centros de apoio para todos aqueles colectivos desfavorecidos (discapacitados, inmigrantes, menores con problemas sociais, grupos xitanos, drogodependentes, etc…).

Impulsarase tamén a loita contra a violencia de xénero, aportando solucións a curto e longo prazo.

Eixe 7: Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional

A Asistencia técnica consistirá na realización de actividades de preparación, xestión, seguemento, avaliación, información e control do PO, así como de actividades dirixidas a reforzar a capacidade administrativa.

No período de programación 2007-2013 Galicia recibirá Axuda estrutural procedente do Fondo FSE **nunha contía estimada de 936,08 millóns de euros (Táboa 2).**

Táboa 2. Distribución da Axuda FSE 2007-2013 asignada a Galicia por Programas Operativos

Instrumentos de Intervención	Xestión-Admón	Millóns de euros	%
PO FSE GALICIA	Xunta	358,501812	38,30
PO LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN FSE	AGE	30,869310	3,30
PO ADAPTABILIDADE E EMPREGO FSE	AGE	542,597525	57,96
PO ASISTENCIA TÉCNICA FSE	AGE	4,110950	0,44
Total Axuda FSE a investir en Galicia		**936,079597**	100

Fonte: elaboración propia.

O PO rexional FSE que xestionará a Xunta no período 2007-2013 alcanza un importe estimado de 358,5 millóns de euros en termos de Axuda, que supón o 38,30% do total, mentres que os outros tres POs, Loita contra a Discriminación, Adaptabilidade e Emprego, e Asistencia técnica FSE, que teñen carácter plurirrexional e suman 577,57 millóns de euros de Axuda, serán xestionados pola AGE e investidos en Galicia.

Por Decisión C(2007) 6733, de 18 de decembro de 2007, a Comisión Europea adoptou o PO de intervención comunitaria do FSE no marco do Obxectivo de Converxencia para a C.A. de Galicia en España.

O enfoque estratéxico por Eixes de intervención do FSE 2007-2013 en Galicia detállase a continuación.

Eixe 1.- Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade dos traballadores, empresas e empresarios

Preténdese corrixir os desequilibrios estruturais de que adoece o mercado laboral galego e que limitan a súa expansión e o seu crecemento futuro, a precariedade dos empregos existentes, a siniestralidade laboral e a falta de adaptación entre a formación e as necesidades das empresas, fomentando a creación de novos empregos de calidade.

A promoción da formación permanente será o factor clave para a mellora do capital humano, xa que ofrecerá ás persoas ocupadas novos coñecementos e habilidades para o desempeño das súas funcións actuais e futuras. Neste ámbito, as novas ferramentas da Sociedade da Información revelaranse de fundamental importancia para a rápida adaptación das empresas aos cambios do contorno.

Perséguese contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral, á par que mellorar e adaptar os sistemas de formación de acordo coas necesidades reais da economía e as empresas.

Neste senso, fomentarase a utilización das novas tecnoloxías para promover novas formas de traballo máis innovadoras e que se adapten ás necesidades dos traballadores, tales como a teleformación ou o teletraballo.

Eixe 2.- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres

En liña coa estratexia de Lisboa os principais obxectivos deste Eixe son aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.

As diferenzas salariais e as dificultades das mulleres para conciliar a vida laboral e familiar serán aspectos prioritarios que haberá que abordar á hora de reducir a discriminación por razóns de xénero no mercado laboral.

Así mesmo prestarase especial atención ao desenvolvemento de medidas que fomenten a prolongación da vida laboral. Especialmente en Galicia, dado o seu elevado índice de envellecemento, será necesario crear novos instrumentos de inclusión das persoas de idade avanzada no emprego, desenvolvendo novos perfís profesionais que permitan a recualificación destes traballadores.

Eixe 3.- Aumento e mellora do capital humano

É un feito demostrado que os investimentos en infraestruturas, o desenvolvemento empresarial e a investigación non conseguen os obxectivos de mellora da competitividade e as oportunidades de emprego, se non se conta cun capital humano altamente capacitado.

Os propósitos fundamentais deste Eixe son incrementar a dotación de capital humano e a súa calidade. Para iso, está previsto poñer en marcha diferentes medidas que abarcan dende a loita contra a alta taxa de abandono escolar, o esforzo da formación secundaria ata a formación profesional, así como o desenvolvemento do capital humano no ámbito da investigación e da innovación.

O investimento en recursos humanos e nos sistemas de educación e formación continúa sendo unha prioridade para Galicia, se ben vese agora reforzada á luz das esixencias da Estratexia de Lisboa. A persistencia dunha alta taxa de paro e unha taxa de actividade relativamente baixa está moi relacionada coa falta de cualificación e inadecuación das capacidades da poboación en idade laboral.

Eixe 4.- Promover a cooperación transnacional e interrexional

A través deste Eixe fomentarase o intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas, así como o desenvolvemento de plantexamentos complementarios e actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas. A través de ditas actuacións buscarase dar unha mellor resposta a determinadas problemáticas comúns e, deste xeito, contribuír ao crecemento e ao emprego da economía galega.

Impulsarase a relación de Galicia con outras rexións para compartir enfoques innovadores na aplicación de políticas de mercado de traballo, de formación e de inclusión social que permitan beneficiarse mutuamente dos progresos no desenvolvemento de políticas innovadoras.

Eixe 5.- Asistencia técnica

Este Eixe ten a finalidade de financiar as actividades necesarias para unha boa xestión, execución da programación e seguimento das actuacións, así como as de avaliación, realización de estudos e de comunicación e información.

O GASTO ESTRUTURAL COMUNITARIO DE GALICIA NO ANO 2009

As axudas máis importantes da programación comunitaria da política de cohesión na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2007-2013 procede dos Fondos Estruturais FEDER e FSE, sendo o seu importe estimado de 4.388,46 millóns de euros, ao que haberá que sumarlle ao longo do período os investimentos que se cofinancien cos demais programas de Cooperación Territorial (Táboa 3).

Táboa 3. Distribución estimada da Axuda comunitaria que se investirá en Galicia por fondos estruturais no período 2007-2013 (Millóns de euros)

FONDO/AXUDA	Millóns de euros	%
FEDER	2.804,29	63,90
FSE	936,08	21,33
F. COHESIÓN/FEDER	594,00	13,54
COOPERACIÓN TERRITORIAL TRANSFRONTEIRIZA	54,09	1,23
TOTAL	**4.388,46**	**100**

Fonte: elaboración propia.

A anualidade presupostada do PO FEDER correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2009, repartida por eixes e órganos xestores da Xunta (Táboa 4) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 160,05 millóns de euros. Segundo o establecido no art. 9. 3 do Regulamento (CE) 1083/2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, a contribución da Axuda do PO FEDER Galicia ao logro do Obxectivo de Lisboa, cun importe de 106,84 millóns de euros (66,75%), supera o umbral do 60% establecido como mínimo para as rexións Obxectivo Converxencia.

Táboa 4. Distribución da Axuda do PO FEDER Galicia 2007-2013 por Eixes, Obxectivos MECEGA, Categorias de gasto e órganos xestores no presuposto 2009 (euros)

Eixe e denominación	OF MECEGA	OI MECEGA	Categoría de Gasto	Órgano Xestor	Contribución a Lisboa	Presuposto 2009
1.- Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i)	2	5	1	DX Investig Desenvol e Innovac	3.473.493	3.473.493
				DX Promoc Cien y T S Univ Ga	2.277.382	2.277.382
	2	7	2	DX Promoc Cien y T S Univ Ga	1.685.342	1.685.342
	2	5	3	DX Investig Desenvol e Innovac	831.730	831.730
				DX Promoc Cien y T S Univ Ga	831.731	831.731
	2	6	7	DX Investig Desenvol e Innovac	3.390.942	3.390.942
				IGAPE	1.401.797	1.401.797
	2	7	10	DX Comunic Audiovisual	1.679.803	1.679.803
				DX Promoc Industr e Soc da Inf	2.776.087	2.776.087
	2	7	11	DX Promoc Industr e Soc da Inf	3.011.866	3.011.866
	2	7	13	CIXTEC	700.000	700.000
				DX Calid y Ev Pol Pub	1.661.633	1.661.633
				DX Administración Local	1.681.862	1.681.862
				DX Promoc Industr e Soc da Inf	1.021.109	1.021.109
				SX Educación e OU	3.033.104	3.033.104
				SX Sanidade	3.264.562	3.264.562
	2	7	14	DX Promoc Industr e Soc da Inf	1.101.499	1.101.499
2.- Desenvolvemento e innovación empresarial	4	2	6	DX Calidade e Av Amb	3.207.605	3.207.605
	1	8	8	IGAPE	13.178.717	13.178.717
				IGVS	3.696.272	3.696.272
	2	6	9	DX Investig Desenvol e Innovac	2.526.172	2.526.172
				DX Promoc Industr e Soc da Inf	3.371.325	3.371.325
				IGAPE	5.087.211	5.087.211
3.- Medio ambiente, entorno natural, recursos hidrícos e prevención de riscos	4	2	44	DX Calidade e Av Amb	0	4.383.942
	4	2	45	EP Obras e Serv Hidráulicos	5.500.000	5.500.000
	4	2	46	EP Obras e Serv Hidráulicos	8.293.277	8.293.277
	4	2	47	DX Calidade e Av Amb	0	1.207.705
	4	2	48	DX Calidade e Av Amb	0	250.171
				DX Desenv Sostible	0	838.735
	1	14	50	DX Calidade e Av Amb	0	339.357
	1	14	51	DX Conserv Natureza	0	3.529.626
	4	2	53	DX Protección Civil	0	358.337
				EP Obras e Serv Hidráulicos	0	1.592.089
				DX Desenv Sostible	0	1.000.500
	4	2	55	DX Conserv Natureza	0	716.675
4.- Transporte e enerxía	1	1	20	DX Obras Públicas	10.022.396	10.022.396
	1	1	23	DX Obras Públicas	0	14.327.093
	1	1	25	DX Transportes	0	1.220.285
	1	1	26	DX Transportes	5.335.695	5.335.695
	1	1	30	EP Portos de Galicia	2.576.235	2.576.235
	4	4	33	DX Industria Enerxía e Minas	0	3.939.362
	4	4	35	DX Industria Enerxía e Minas	0	427.100
	4	4	40	INEGA	1.891.009	1.891.009
	4	4	41	INEGA	1.782.709	1.782.709
	4	4	43	INEGA	1.301.411	1.301.411
	4	3	52	DX Transportes	4.024.161	4.024.161
5.- Desenvolvemento sostible local e urbano	4	2	56	DX Conserv Natureza	0	2.603.930
				EP Portos de Galicia	0	1.907.825
	4	15	57	DX Turismo	0	3.795.773
	4	2	58	DX Administración Local	0	1.171.792
				DX Formación e Calid Vivenda	0	1.171.792
				DX Patrimonio Cultural	0	1.785.182
	4	15	59	DX Creación e Difusión Cultural	0	2.040.917
6.- Investimento en infraestruturas sociais	3	11	75	SX Educación e OU	0	2.462.295
	3	13	76	DX Saúde Pública	0	503.028
	4	15	77	SX Igualdade	1.219.256	1.219.256
	4	15	79	SX Vicepresidencia	0	792.710
7.- Asistencia técnica	2	12	85	DX Planificación E e FC	0	423.774
	2	12	86	DX Planificación E e FC	0	423.774
Total					**106.837.393**	**160.051.162**

Fonte: elaboración propia.

Así mesmo, **a anualidade presupostada do PO FSE** correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia no 2009, repartida por Eixes e órganos xestores (Táboa 5) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 53,66 millóns de euros. A contribución da Axuda do PO FSE de Galicia ao Obxectivo de Lisboa alcanza 50,70 millóns de euros, que representa o 94,5% do total, por enriba do 60% establecido regulamentariamente.

Táboa 5. Distribución da Axuda do PO FSE Galicia 2007-2013 por Eixes, Obxectivos MECEGA, Categorías de gasto e órganos xestores no presuposto 2009 (euros)

Eixe e denominación	OF MECEGA	OI MECEGA	Categoría de Gasto	Órgano Xestor	Contribución a Lisboa	Presuposto 2009
1.- Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios	3	10	62	DX Formación e Colocación	1.293.784	1.293.784
				DX Promoción do Emprego	1.397.002	1.397.002
				DX Relacións Laborais	500.000	500.000
				IGAPE	1.104.081	1.104.081
	3	10	63	DX I+D+I	1.315.138	1.315.138
				DX Promoción do Emprego	4.274.677	4.274.677
				IGAPE	1.542.410	1.542.410
	3	10	64	DX Formación e Colocación	2.798.055	2.798.055
	3	10	68	DX Promoción do Emprego	2.141.286	2.141.286
2.- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres	3	11	65	DX Formación e Colocación	386.494	386.494
				DX Relacións Laborais	262.828	262.828
	3	13	66	DX Formación e Colocación	1.319.796	1.319.796
				DX Promoción do Emprego	3.025.325	3.025.325
	3	9	69	DX Promoción do Emprego	944.827	944.827
				SGI	3.525.813	3.525.813
				DX I+D+I	403.747	403.747
				SX Igualdade	510.000	510.000
	3	9	70	DX Formación e Colocación	700.729	700.729
	3	9	71	DX Acción Social	3.586.220	3.586.220
				DX Promoción do Emprego	700.000	700.000
				SGI	930.000	930.000
	1	14	80	DX Promoción do Emprego	0	339.200
3.- Aumento e mellora do capital humano	3	11	72	DX Formación e Colocación	2.497.912	2.497.912
				DX FP e Ensinanzas especiais	7.769.713	7.769.713
				DX Invest t e form agrof	950.140	950.140
				SGI	977.863	977.863
				SX Pesca	1.160.900	1.160.900
	3	11	73	DX FP e Ensinanzas especiais	2.080.246	2.080.246
	3	11	74	DX I+D+I	1.907.626	1.907.626
				DX Ordenación e Calidade do SUG	695.886	695.886
4.- Promover a cooperación transnacional e interrexional	1	16	80	DX Formación e Colocación	0	165.901
				DX I+D+I	0	295.040
				DX Prom Cientif e Tecn do SUG	0	250.941
				DX Relacións Laborais	0	295.040
				IGAPE	0	260.421
				SGI	0	244.006
				DX Acción social	0	100.000
5.- Asistecia técnica	2	12	85	DX Planificación e FC	0	501.710
	2	12	86	DX Planificación e FC	0	501.710
Total					**50.702.498**	**53.656.467**

Fonte: elaboración propia.

A contribución conxunta do PO FEDER e do PO FSE aos Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA no presuposto 2009 ascende a 213,71 millóns de euros (Táboa 6).

Táboa 6. Grao de contribución da Axuda estrutural presupostada no 2009 aos Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA 2007-2013 (euros)

Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA	FEDER	FSE	TOTAL	%
OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR.				
OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.	33.481.704		33.481.704	15,67
OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.	16.874.989		16.874.989	7,90
OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	3.868.983	339.200	4.208.183	1,97
OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.		1.611.349	1.611.349	0,75
Subtotal OF 1	**54.225.676**	**1.950.549**	**56.176.225**	**26,29**
OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN.				
OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	7.414.336		7.414.336	3,47
OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	15.777.447		15.777.447	7,38
OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.	21.616.867		21.616.867	10,12
OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	847.548	1.003.420	1.850.968	0,87
Subtotal OF 2	**45.656.198**	**1.003.420**	**46.659.618**	**21,83**
OF 3: AUMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL.				
OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.		11.301.336	11.301.336	5,29
OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.		16.366.433	16.366.433	7,66
OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	2.462.295	18.689.608	21.151.903	9,90
OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.	503.028	4.345.121	4.848.149	2,27
Subtotal OF 3	**2.965.323**	**50.702.498**	**53.667.821**	**25,11**
OF 4: REFORZAR A SINERXIA ENTRE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.				
OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	35.989.557		35.989.557	16,84
OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan a mobilidade sostible.	4.024.161		4.024.161	1,88
OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).	9.341.591		9.341.591	4,37
OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.	7.848.656		7.848.656	3,67
Subtotal OF 4	**57.203.965**	**0**	**57.203.965**	**26,77**
TOTAL	**160.051.162**	**53.656.467**	**213.707.629**	**100**

Fonte: elaboración propia.

Observase que cada un dos Obxectivos Finais do MECEGA sobrepasa o 20% do gasto estrutural comunitario que a Xunta cofinanciará cos fondos FEDER e FSE nos presupostos da comunidade Autónoma para o 2009, o que é coherente coa estratexia da política de cohesión da UE para o período 2007-2013.

Os obxectivos orientados a dinamizar a economía rexional e a reforzar a competitividade do tecido produtivo galego absorben o 48% do total dos Fondos Estruturais. Dentro destes dous Obxectivos Finais, as medidas dirixidas ao apoio ao investimento empresarial na súa proxección internacional e no acceso ao investimento, ao fomento da innovación empresarial e as orientadas a fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico reciben case o 40% do total de recursos nestes dous Eixes (o 19% do total dos fondos). Tamén destacan polo seu peso no total, os fondos destinados a financiar redes transeuropeas de transporte, a impulsar a intermodalidade e a mellorar a accesibilidade (un 16% do total dos fondos) e os destinados a extensión e difusión das tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas (un 10% do total dos fondos).

O 52% restante dos fondos neste exercicio orzamentario destínase a actuacións dirixidas a incidir no mercado de traballo galego (25%) e ás relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible (27%).

No primeiro caso dedícase o 70% dos recursos (o 18% do total dos fondos estruturais) ás medidas orientadas a mellorar a cualificación e adecuación da formación dos traballadores ás necesidades do tecido produtivo galego.

Por último, o máis destacable do orzamento dos Fondos Estruturais respecto ao último gran obxectivo son as medidas orientadas a reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible que acada algo máis do 63% do seu orzamento (o 17% do total dos fondos estruturais) e a redución da dependencia enerxética que absorbe un 16% dos recursos (en torno ao 5% do total dos fondos).

AS POLITICAS SECTORIAIS COMUNITARIAS EN GALICIA: O SECTOR PESQUEIRO E O DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE

O Fondo Europeo de Pesca (FEP) 2007-2013 créase para garantir a viabilidade do sector europeo da pesca e a acuicultura, sustituíndo a partir de 2007 ao antigo IFOP.

O FEP está deseñado para servir de ferramenta de apoio á sostenibilidade do sector, mediante axudas que fomentarán e acompañarán o axuste das flotas pesqueiras ós

recursos dispoñibles (en particular, cando se atopen en perigo as poboacións de peixes) e o desenvolvemento da acuicultura. A dimensión ambiental tamén queda reforzada, a través dun grupo de medidas para promover o carácter selectivo das actividades e reducir o impacto negativo da pesca e a acuicultura no medio ambiente. O Fondo tamén dedica maior atención ós recursos humanos do sector, proporcionando respostas adecuadas ás necesidades económicas e sociais dos traballadores. O financiamento de estratexias de desenvolvemento local, concibidas e postas en práctica polos propios interesados, permitirá que o FEP realice unha contribución maior ao desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras (en especial, cando estas manifesten unha forte dependencia das actividades do sector).

O FEP centra a súa actuación en cinco ámbitos prioritarios (Eixes), que responden a súa misión de contribuír á aplicación das medidas adoptadas no marco da reforma da Política Pesqueira Común (PPC) para garantir a sostenibilidade da pesca nos planos económico, social e medioambiental.

A Táboa 7 recolle a distribución da Axuda comunitaria FEP Galicia por Eixes e órganos xestores da Xunta no presuposto do 2009.

Táboa 7. Distribución da Axuda PO FEP Galicia por eixes, categorías de gasto e órganos xestores no presuposto 2009 (euros)

Eixe e Denominación	Categoría de Gasto	Órgano Xestor	Presuposto 2009
1.- Adaptación da flota comunitaria	1.1	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	4.299.188
	1.2	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	713.200
	1.3	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	9.324.286
	1.4	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	2.043.457
	1.5	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	784.084
2.- Acuicultura, Transformación e Comercialización	2.1	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	6.100.000
	2.3	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	21.017.570
3.- Medidas de interese público colectivo	3.1.1	DX de Recursos Mariños	3.873.500
	3.1.2	DX de Recursos Mariños	10.065.000
	3.2.1	DX de Recursos Mariños	586.820
	3.3	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	2.617.385
	3.4	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	1.995.405
	3.5	DX de Innovación e Desenolvemento Pesqueiro	427.000
	3.6	DX de Innovación e Desenolvemento Pesqueiro	162.565
4.- Desenvolvemento sostible das zonas costeiras	4.1	SX de Pesca	3.485.540
5.- Asistencia técnica	5.1	DX de Estruturas e Mercados da Pesca	485.867
TOTAL			**67.980.867**

Fonte: elaboración propia.

A Axuda total presupostada para o ano 2009 ascende a 67,98 millóns de euros, sendo o Eixe 2, vinculado coa acuicultura, transformación e comercialización, con 27,12 millóns de euros o de maior importe, que representa o 39,89% do total. Destaca así mesmo a inversión da medida 2.3, cun importe de 21 millóns de euros, que está relacionada directamente coa transformación e comercialización do pescado.

O Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) 2007-2013 pretende a promoción dun desenvolvemento rural sostible en toda a Comunidade Autónoma como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agrícola común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

A Axuda comunitaria ó desenvolvemento do medio rural contribuirá a aumentar a competitividade da agricultura e a silvicultura mediante axudas á reestruturación, o desenvolvemento e a innovación, a mellorar o medio ambiente e o medio rural mediante axudas á xestión das terras, a mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da actividade económica.

Os obxectivos establecidos aplicaranse fundamentalmente no ano 2009 por medio dos Eixes e órganos xestores relacionados na Táboa 9.

Táboa 9. Distribución da Axuda comunitaria FEADER Galicia por eixes e xestores no presuposto 2009 (Euros)

Eixes e denominación	Órgano Xestor	Presuposto 2009
1. Aumento da competitividade do sector agrícola e forestal	D.X. Estrutur. e Infraest. Agrarias	36.274.126
	D.X. Produc. indust.e calidade agroalim.	20.234.246
	D.X. Invest. tecn.e form.agroforest.	2.711.463
	D.X. Montes e Industrias Forestais	6.043.800
2. Mellora do medio ambiente e do contorno rural	D.X. Estrutur. e Infraest. Agrarias	9.842.760
	D.X. Produc. indust.e calidade agroalim.	1.365.816
	D.X. Montes e Industrias Forestais	24.057.957
3.- Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural	D.X. Estrutur. e Infraest. Agrarias	4.717.619
	D.X. Desenvolvemento Rural	7.726.243
	D.X. Montes e Industrias Forestais	3.338.480
4.- Aplicación da metodoloxía LEADER	D.X. Desenvolvemento Rural	11.953.961
5.- Asistencia Técnica	D.X. Desenvolvemento Rural	725.256
Totais		**128.991.728**

Fonte: elaboración propia.

A anualidade presupostada do FEADER correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia no 2009, repartida por Eixes e órganos xestores da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 128,99 millóns de euros. Entre as actuacións a desenvolver no ano 2009 destacan as da D.X. de Estruturas e Infraestruturas Agrarias no Eixe 1, con 36,27 millóns de euros, e a da D.X. de Montes e Industrias Forestais no Eixe 2 dotada con 24,05 millóns de euros.

ORZAMENTACIÓN POR RESULTADOS

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 continúan impulsando o proceso de cambio no sistema de planificación, programación e elaboración dos orzamentos, iniciado nesta lexislatura. O que se pretende é o establecemento dun sistema de orzamento por resultados, no cal os gastos estean vinculados ao logro duns obxectivos específicos, facendo efectivos os principios de transparencia, eficacia e eficiencia na asignación dos recursos, que debe ser unha constante na acción de goberno.

Coa finalidade mencionada, estes orzamentos reflicten o esforzo en materia de planificación realizado polos distintos centros xestores para establecer os seus obxectivos no marco das prioridades e os obxectivos estratéxicos de carácter xeral. Ao mesmo tempo, serven para conectar os devanditos obxectivos e as accións previstas para acadalos cos programas orzamentarios, coa finalidade de que este proceso se converta nunha eficaz ferramenta de análise e xestión orzamentaria. Neste sentido, e tomando en consideración o traballo realizado en anos anteriores, especialmente coa integración dos plans sectoriais e de carácter transversal, os centros xestores revisaron ou definiron, no seu caso, os obxectivos estratéxicos e operativos, que pasan a quedar integrados nos programas orzamentarios correspondentes.

Ao explicitar os obxectivos que se pretenden alcanzar xunto coas dotacións necesarias en cada caso, séntanse as bases para un novo sistema de asignación dos recursos, ao tempo que se facilitan os elementos necesarios para poder realizar unha axeitada avaliación do resultado dos diferentes plans e programas e, en definitiva, das políticas públicas do Goberno da Xunta de Galicia. Con iso prodúcese un importante avance cualitativo para pasar dun modelo de xestión orzamentaria tradicional, centrado nos medios utilizados, a outro centrado nos obxectivos e resultados.

A estrutura por programas do orzamento permite describir o gasto en termos de obxectivos. Estes obxectivos teñen que estar relacionados cunha liña estratéxica máis ampla que permita explicar a contribución das actuacións recollidas no orzamento á consecución dos obxectivos recollidos no plan de acción do goberno.

Ao respecto, enténdese para os efectos da elaboración dos orzamentos por obxectivos, por “Centro xestor”: A unidade orgánica encargada de executar a totalidade ou parte dun programa orzamentario, correspondéndose o concepto orzamentario de servizo, é dicir con cada unha das direccións e secretarías xerais en que se estrutura unha sección orzamentaria e con cada un dos organismos autónomos que a ela se adscriben.

No mesmo sentido, entendese por “Plans “: Os documentos que recollen formalmente, un conxunto de actuacións administrativas dirixidas á consecución dunha ou varias finalidades previamente establecidas. Os plans poden ser “sectoriais”, cando todas as súas actuacións execútanse por un só centro xestor, e “transversais“, cando as súas actuacións execútanse por máis dun centro xestor.

Polo tanto para a elaboración do presente orzamento 2009 foi necesario definir:
1.- Cal é o problema ou a necesidade a atender e a quen vai dirixido o programa.- Diagnóstico da situación.
2.- Cales son os obxectivos que se pretenden conseguir.- Obxectivos estratéxicos e operativos.
3.- Como se desenvolve o programa (proxectos ou actuacións).
4.- Como se mide o programa.- Indicadores

Todos estes datos foron recollidos nunha ficha de programas incorporada no sistema informático.

No caso de que os centros xestores desenvolveran plans de carácter sectorial ou transversal que teñan definidos obxectivos estratéxicos na súa realización, procuraron trasladalos, ao programa ou programas orzamentarios utilizados para o desenvolvemento dos mesmos.

Por outra banda, se o centro xestor non desenvolve plans sectoriais ou transversais, debeu definir os obxectivos estratéxicos que pretende alcanzar a través de cada un dos programas orzamentarios que xestione.

Criterio orzamentario

Para cada obxectivo estratéxico, cada servizo definiu obrigatoriamente un dos criterios de orzamentación:

a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e atención ás persoas dependentes.
b) Impulsar medidas tendentes á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como a mellora da conciliación entre a vida profesional e a vida persoal.
c) Reforzar as políticas que melloren as infraestruturas produtivas.
d) Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.
e) Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.
f) Impulsar as políticas que melloren a protección do medio ambiente así como aquelas que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado.
g) Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.

Para concreción da orzamentación a nivel de proxecto establecéronse as relacións entre obxectivos operativos e plans de actuación.

OBXECTIVOS OPERATIVOS E PLANS DE ACTUACIÓN DUN PROXECTO

Cada consellería ou sección vinculou a nivel de sección/servizo/programa os proxectos de gasto ao obxectivo operativo que corresponda e ademais, no seu caso, aos plans de actuación sectorial e/ou de carácter transversal, establecidos no proceso de orzamentación 2008.

INDICADORES DUN PROXECTO
Cada proxecto de gasto 2009 obrigatoriamente levou asociados indicadores, nos tres casos seguintes:
a) Se están asociados a un plan de actuación transversal ou sectorial.
b) Se están cofinanciados con Fondos Europeos.
c) Se se refiren a obxectivos operativos de Programa de gasto sinalados como prioritarios.
Os citados indicadores, sempre que sexa posible, gardarán coherencia co do obxectivo operativo ao que estean asociados.
Valor dos indicadores:

O Valor inicial é igual ao de partida, que por regra xeral será o valor final do orzamento 2008O Valor final é o resultado de engadir ao valor inicial o que se pretende conseguir co importe orzamentado na anualidade 2009

Metodoloxía do sistema de planificación – orzamentación

1 PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

- Acordo sobre Bases Programáticas para a Acción de Goberno
- Obxectivos estratéxicos de Galicia 2007 – 2013: MECEGA
- Eixes prioritarios do FEDER e do FSE
- Criterios xerais de orzamentación

2

CONSELLERIA	CONSELLERIA	CONSELLERIA
Planes Sectoriais e Transversais	Plans Sectoriais y Transversais	Plans Sectoriais e Transversais

3 PROGRAMAS ORZAMENTARIOS

- Cada programa estará formado por un ou máis plans sectoriais que neste segundo caso terán a condición de sub programas
- Dentro de cada programa ou sub programa identificaranse as correspondentes unidades presupostaraas ou proxectos

4 SEGUIMENTO E EVALUACIÓN

- Seguimento específico dos plans ou sub -plans prioritarios
- Control e avaliación dos plans ou sub plans ou proxectos financiados con fondos europeos
- Balance xeral dos resultados alcanzados en cada plan e programa

Obxectivos e prioridades

O orzamento concentra os seus investimentos en nove prioridades que considera estratéxicas para favorecer a creación de emprego, para o desenvolvemento das políticas sociais e para frear os efectos da crise sobre a actividade económica.

Prioridades como a educación, a sociedade da información, as infraestruturas de transporte e apoio a actividade empresarial que concentran investimento para fortalecer o tecido empresarial a través da promoción das empresas galegas, da captación de investimentos ou do incremento da facilidade de acceso ao financiamento e ao crédito das pemes, sempre tendo en conta o necesario completamento das infraestruturas de transporte que posibiliten unha mellor vertebración do territorio e acadar unha maior competitividade para a nosa economía.

Prioridades como o emprego, os servizos sociais e a dependencia, o transporte público, a vivenda e a sanidade que garanten o incremento da cohesión social con políticas redistributivas para os colectivos mais desfavorecidos e con financiamento suficiente para ampliar a calidade e cantidade dos servizos sociais, especialmente, os incluídos no ámbito da asistencia á dependencia.

Dotánse de maiores recursos a educación e a sanidade, servizos básicos que se melloran para aumentar a cualificación do noso capital humano e cubrir as súas demandas sanitarias con novos equipamentos, servizos e nova tecnoloxía que incremente a calidade das prestacións.

Estas prioridades reflíctense na súa orzamentación por resultados nestes orzamentos e resúmense a continuación.

1.- Educación
2.- I+D+i e Sociedade da Información
3.- Infraestruturas de transporte
4.- Apoio á actividade empresarial
5.- Emprego
6.- Servizos sociais e dependencia
7.- Transporte público
8.- Vivenda
9.- Sanidade

1. Educación.

(correspóndese coa función 42 que comprende os ámbitos da administración xeral da educación, o ensino e formación e a promoción educativa).

- Importe: **2.399M€**

Obxectivos:

I.- Ensino non universitario

O Obxectivo xeral é a mellora da calidade do ensino no conxunto das etapas escolares e o sostemento dos centros educativos:

- na educación infantil, primaria e ESO, pretendese a consolidación do principio de escolarizar ao 100% dos nenos nesta etapa escolar;
- potenciar as ensinanzas especiais, ensinanzas artísticas, a educación especial e outras formas de ensinanza como a de adultos, particularmente a través da plataforma de aprendizaxe e-learnig e a extensión das novas tecnoloxías TIC no ámbito educativo. Parte destes figuran recollidos no Plan de extensión das TIC a todos os espazos e a toda a comunidade educativa e o plan de inmersión en linguas estranxeiras;
- consecución dos obxectivos de Lisboa, sobre todo no ámbito da ensinanza secundaria e formación profesional.

Os obxectivos operativos máis relevantes que desenvolven as actuacións anteriores son os seguintes: redución das ratios profesor/alumno; incremento do número de alumnos que rematan o bacharelato e potenciación das ensinanzas de formación profesional. A través de :

- promover reformas nos sistemas de educación e formación que fomenten a empregabilidade;
- impulsar reformas que fomenten a aprendizaxe permanente;
- establecer canles de participación coas empresas para colaborar na formación en centros de traballo, coa promoción de axudas aos alumnos de FP que realizan prácticas formativas nos centros de traballo;
- fomento da mobilidade a través de intercambios e estadías formativas no estranxeiro.

O Plan Galego de Formación Profesional (segundo plan) recolle estes obxectivos orientadores da promoción dunha Formación profesional de calidade.

No ámbito da promoción educativa sitúanse os servizos e axudas complementarias, e a prevención do abandono escolar, cuxos obxectivos principais son:

- consolidación, modernización e racionalización do servizo de transporte escolar incrementando o número de usuarios do transporte escolar sen incrementar o custe;
- consolidación, modernización e ampliación dos servizos de comedores escolares;
- continuación da liña de colaboración cos concellos, as Asociacións de nais e pais (ANPA) e os centros docentes na procura dunha maior facilidade para a conciliación da vida familiar e laboral, coa prolongación do horario de apertura dos centros fora do horario lectivo e dunha implicación no sostemento e organización dos comedores escolares;
- Na área de prevención do abandono escolar figuran como principais obxectivos mellorar a calidade do ensino, con especial incidencia nas labores de orientación e reforzo nunha dobre dirección: tratamento preventivo do fracaso escolar, e tratamento paliativo para a reincorporación ao ensino de mozos e mozas. Neste eido cobran especial importancia os programas de mellora da calidade da avaliación, o perfeccionamento do profesorado, a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e o fomento da lectura, coas campañas de difusión e a dotación bibliográfica das bibliotecas.

Os obxectivos nestes ámbitos recóllense nos Plans de Mellora dos servizos educativos complementarios e no Plan de redución do fracaso escolar

II Ensino universitario

Os obxectivos no eido das ensinanzas universitarias oriéntanse á mellorar a calidade do ensino universitario e da investigación de cara á modernización do sistema universitario de Galicia e a súa adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES), co apoio ás novas titulacións adaptadas ao EEES: grao e posgrao e ao apoio á difusión da oferta das universidades galegas. Tamén deben destacarse os obxectivos de cara a facilitar o acceso á educación superior coa optimización do actual plan de bolsas, axudas e premios ao alumnado.

No eido universitario é necesario abordar así mesmo a adopción de medidas encamiñadas á estruturación e consolidación das capacidades de investigación, a través dos programas de consolidación e estruturación de unidades de investigación, e a intensificación da actividade investigadora do SUG.

No que atinxe á mellora da infraestrutura da investigación no ámbito universitario apoiarase a dotación de infraestrutura e equipos. Finalmente completa este mapa de obxectivos a promoción, transparencia e difusión das capacidades de investigación.

Parte das actuacións son financiadas cos Fondos estruturais: creación e mellora das infraestruturas educativas a través do FEDER (eixe 6: Infraestruturas sociais) e mellora da educación de cara á inserción laboral e á adecuación da oferta formativa ás necesidades que demandan as empresas co FSE (eixe 3: Aumento e mellora do capital humano).

No 2009 prevense, entre outras, as seguintes actuacións: programa de mellora do éxito escolar, programas de avaliación do sistema educativo, programas de recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral e axudas para profesores e alumnos para intercambios lingüísticos.
Indicadores:
O colectivo actual de alumnos do ensino galego :
64.167 alumnos de Infantil
126.267 alumnos de primaria
91.747 alumnos de ESO
31.717 alumnos de Bacharelato
27.148 alumnos de Formación profesional
Ao redor de 68.000 no SUG
90.000 alumnos que fan uso do servizo de transporte escolar
30.000 alumnos usuarios dos comedores escolares.

2. Investigación, Desenvolvemento e innovación (I+D+i) e Sociedade da Información

O importe consignado para as actuacións de I+D+i e Sociedade da información ascende a **175 M€.**

I+D+i (correspóndese cos Programas de gasto 561A e 561B;).

Obxectivos:

- O obxectivo xeral deste programa é impulsar o crecemento económico e social de Galicia a través da I+D+i, en liña cos compromisos tomados no cumio de Lisboa.Trátase de ampliar e mellorar a formación e captación de recursos humanos no ámbito da investigación do sistema galego de I+D+i, así como de difundir a importancia da investigación na sociedade e na economía galega.
- No eido rural figuran como obxectivos os relativos á investigación e desenvolvemento, entre os que destacan incrementar a competitividade do sector agroalimentario galego, de xeito que se xenere coñecemento aplicado á cadea agroalimentaria (agrogandeiro e agroindustrial).
- No eido da pesca a mellora da investigación para a xestión dos recursos mariños, e o fomento da investigación ambiental.
- No tocante á investigación universitaria figuran como obxectivos principais a consolidación dos equipos de investigación e o desenvolvemento da investigación tanto básica como aplicada.

Actuacións:

A meirande parte das actuacións que se van desenvolver neste campo enmarcánse no Plan Galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010, sendo a consellería de Innovación e industria a principal responsable do mesmo.

Os fondos estruturais procedentes da Unión Europea para o período 2007-2013 contribúen en gran medida neste ámbito, tanto a través do Fondo de desenvolvemento rexional (FEDER) como do Fondo Social Europeo (FSE).

- No eido do FEDER destínanse recursos do eixe 1 (desenvolvemento da economía do coñecemento) ás actividades de I+DT en centros de investigación de Galicia, tanto públicos, entre os que destacan as Universidades galegas do SUG, como dos centros tecnolóxicos do entramado empresarial galego.
- Presenta especial relevancia o impulso da transferencia de tecnoloxía ás empresas, xunto á mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (PEME), así como entre estas e outras empresas e universidades, entre outros. Tamén deben destacarse as accións dirixidas a innovación (i), coa promoción de tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas e empresas de base tecnolóxica
- Noutro grupo atópanse as liñas de axuda dirixidas á creación de novas infraestruturas tecnolóxicas que dean soporte á investigación xunto ás liñas de promoción do equipamento tecnolóxico de centros de investigación.
- O eixe 2 do FEDER (desenvolvemento e innovación empresarial) pon a disposición do sector empresarial medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación.
- O FSE contribúe ao desenvolvemento do potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudios de posgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas.

A maior parte das actuacións de fomento da investigación o desenvolvemento e a innovación realizaranse a través de convocatorias públicas de subvencións de concorrencia competitiva, sendo as universidades, as empresas e as institucións se fin de lucro (fundacións e centros tecnolóxicos) os principais destinatarios das mesmas.

Indicadores:

En 2009 previse apoiar 387 proxectos de investigación e 100 de fomento empresarial neste campo.

Sociedade da Información (correspóndese co Programa de gasto 571A).

Obxectivos:

- Impulsar medidas que fomenten a aplicación das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) a través de:
  - actuacións do Plan de extensión das TIC a todos os espazos e a toda a comunidade educativa
  - a través do apoio ao desenvolvemento da sociedade da información no tecido empresarial, con actuacións comprendidas no *Plan estratéxico galego da sociedade da información 2007-2010*,

  Ambas liñas contan con financiamento a través do eixe 1 do FEDER
- impulsar os accesos á sociedade da información co desenvolvemento das infraestruturas necesarias
- impulsar o desenvolvemento de novos contidos e servizos, da interoperabilidade, seguridade e o coñecemento aberto
- aproveitar as TIC como vehículo para potenciar a presenza de Galicia na sociedade da información.

Actuacións:

Se desenvolverán actuacións de creación e extensión das infraestruturas telefónicas (incluídas as redes de banda ampla), o desenvolvemento das aplicacións de soporte á extensión do coñecemento no eido educativo e poñeranse a disposición das empresas, as entidades locais, as fundacións e centros tecnolóxicos, a través de axudas de concorrencia competitiva, os recursos necesarios para o acceso e a extensión ás tecnoloxías da comunicación

Indicadores:

No eido do ensino prevénse 90.000 usuarios

Estímase chegar ao 53% de porcentaxe de empresas galegas que teñan presenza en internet e/ou dominio propio.

Alcanzar o 93% da poboación con acceso a internet de banda larga.

3. Infraestruturas de transporte

(comprende os programas de gasto 512B e 513ª).

Importe: **480 M€**

Obxectivos e indicadores:

- Completar a rede viaria de altas prestacións

  Entre as actuacións novas para o 2009 figuran:

  - PO/07/004.01 VAC Tui-A Guarda, tramo I;
  - Plan Vigo Integra. Desdobramento corredor do Morrazo;
  - PO/02/199.01.3 autovía Pontevedra-Vilagarcía tramo:Curro-Baión.

- Mellorar a accesibilidade nos ámbitos comarcais e ós eixes de articulación territorial:
  - construción de estradas convencionais na rede de articulación territorial principal;
  - construción de estradas convencionais na rede de articulación territorial complementaria.

- Mellorar a seguridade e mobilidade en ámbitos urbanos e metropolitanos:
  - construción de estradas convencionais na rede de articulación territorial principal;
  - execución de variantes;
  - actuacións de mellora do servizo e capacidade do viario.

- Incrementar a calidade e seguridade vial na rede de estradas autonómica:
  - ensanche e mellora de trazado da rede de articulación territorial principal e complementaria;
  - acondicionamento e mellora da rede con baixa intensidade media diaria;
  - actuacións en conservación e reforzo de firmes;
  - eliminación dos tramos con concentración de accidentes.

- Coordinación do sistema portuario galego para responder ás políticas internacionais de fomento de intermodalidade no transporte, autopistas do mar e transporte marítimo de curta distancia facilitando, ademais, a relación dos clientes coa administración portuaria e a mellora e modernización dos servizos

portuarios prestados nos portos e a súa adecuación ás normas de seguridade e prevención, respectando a calidade medioambiental do entorno onde se ubican.

- Os obxectivos da actividade portuaria presenta catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i.

As actuacións agrúpanse en dous plans: Plan Director de estradas de Galicia e Plan de seguridade viaria de Galicia.

Entre outras sinalar : Vía ártabra, variante de ortigueira, Regueiriño, o tramo do Parque tecnolóxico de Maceda, e o VAC de Monforte, tramo Áspera_Monforte do corredor Sarria-Monforte, todas elas licitadas xa cuxa execución porase en marcha en 2009.

Parte das actuacións finánciansе con Fondos estruturais, fundamentalmente a través do FEDER (Eixe 4: Transporte e enerxía e 5: Desenvolvemento local e urbano).

Actuacións máis relevantes nos portos de Galicia:

- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas para o transporte de mercadorías e pasaxeiros: ampliación do peirao dos portos de Burela e Brens e a mellora dos accesos aos portos de Mirasol-Ribadeo e Ribeira.
- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura: prolongación das infraestruturas de abrigo do porto de Moaña, a ampliación de instalacións de atraque en Tragove e San Pedro de Visma, o deseño dunha lonxa nova en Ribeira ou a construción de novos departamentos para usuarios en Rianxo, Moaña, Arcade, Portonovo e Razo.
- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias: ampliacións das infraestruturas portuarias de Camelle, Portosín, Xufre e Baiona, a remodelación das zonas portuarias de Aldán e Laxe, a nova dársena de Cabo de Cruz ou os dragados de Bueu, Meloxo e Laxe.
- Incremento do atractivo do litoral galego e desenvolvemento do Plan Director de Portos Deportivos: acondicionamento dos peiraos e instalacións dos portos de Camariñas, Ortigueira, Canido, Ribadeo, A Pobra, Cambados

e Corbaceiras en Pontevedra, a ampliación de pantaláns en Portonovo e Mugardos e a mellora dos de Ribadeo, Celeiro e Cariño, a remodelación do acceso ao porto de Rianxo ou a ordenación da fachada marítima de Pontedeume.

- Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias: Previse a instalación en 25 portos galegos de elementos de contención e aspiración de augas de sentinas e fecais, a urbanización da zona portuaria de Camariñas ou as ampliacións das ramplas de varada de Ezaro e Domaio.
- Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos:
    - Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos e mellora da seguridade: ampliacións de atraques en A Pobra, San Adrián de Cobres e Palmeira, a mellora do acceso ao porto de Ribadeo, o estudo de instalacións de control nos accesos aos portos, os atraques para embarcacións de pasaxe no porto de O Grove ou a execución das instalacións de prevención de riscos nos portos autonómicos.
    - Mellora da xestión organizativa do porto: destaca a futura construción da nova sede central de Portos de Galicia.
    - A investigación en materia portuaria e marítima da implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información.

4. Apoio á actividade empresarial (correspóndese cos Programas de gasto (741A e 531A).

Importe: **198 M€**

Obxectivos:

- Emprendedores: Apoiar o nacemento e crecemento de tecido empresarial fomentando o espírito emprendedor. Intensificaranse as redes de apoio e as redes de emprendedores.
- Investimento empresarial. Favorecer a implantación de proxectos de investimento empresarial, facilitando fontes de financiamento que incentiven a súa localización en Galicia.
- Internacionalización: Fomentar a internacionalización do tecido empresarial como base de crecemento e converxencia con outras rexións.
- Mellora da competitividade: Fomentar a competitividade do tecido empresarial mediante apoios a melloras na xestión baseadas na innovación organizativa e tecnolóxica.
- Cooperación: Impulsar a cooperación entre todos os axentes económicos galegos, públicos e privados, para favorecer o desenvolvemento do tecido empresarial.
- Financiación a través do BEI: Previse captar fondos do BEI por importe de 200 millóns de euros que serán destinados á concesión de préstamos para proxectos de investimento empresarial.
- Consolidación dos fondos de capital risco.
- Consolidación das actuacións de SODIGA Galicia SCR., SA para proporcionar recursos a empresas con alto potencial de crecemento.
- Innovación: Incrementar a capacidade de investigación, desenvolvemento e innovación nas empresas (formación, programa *mentoring*, *Galicia BioEmprende*, diagnósticos I+D, programa INNOEMPRESA)
- Incrementar a superficie de solo empresarial

As actuacións desenvolveranse a través de liñas de axuda aos emprendedores e ás empresas galegas. Neste eido xogan un papel importante os fondos FEDER (fundamentalmente a través do eixe 2 –desenvolvemento e innovación empresarial-).

5. Emprego

Comprende a función 32:

- Xestión e servizos xerais de emprego (programa de gasto 321A)
- Emprego estable e de calidade (programas: 322A, 322B e 322C
- Formación para o emprego (programas: 323A e B)

Importe: **420 M€**

Obxectivos e indicadores:

- Coordinación, potenciación e difusión dos Acordos do Diálogo social. Prevese a realización de 15 campañas de comunicación e sensibilización.
- Mellorar o acceso da muller ao mercado laboral e favorecer a conciliación entre a vida laboral e persoal.
- Mellora da empregabilidade:
    - desenvolvemento do Programa de orientación, intermediación e inserción laboral. Estímase que en torno ás 33.000 persoas beneficiaranse deste servizo (15.000 homes e 18.000 mulleres);
    - apoio aos demandantes mediante o establecemento dun servizo persoal e individualizado (Servizo público de emprego);
    - impulso da inserción laboral: Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral. Entre outros destaca o programa de adquisición de experiencia de persoas desempregadas (Plans: *aurora* e *contigo*); prevese que o colectivo beneficiario se situará en torno ás 5.000 persoas;
    - proxectos mixtos formación/emprego, a través de Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego. Os beneficiarios destes proxectos estímanse en torno aos 4.300.
    - Formación
        - Adecuación da oferta formativa, actualización do catálogo de expertos.
        - Formación prioritaria aos desempregados orientada a facilitar a reinserción no mercado laboral.
        - Mellora da formación aos ocupados dirixida a dar resposta as novas necesidades do mercado laboral.
- Promover a creación de postos de traballo, a través de :
    - Servizos para a creación de emprego no ámbito local

- Fomento de proxectos para xerar actividades relacionadas co emprendemento a través de programas para os axentes de emprego e de desenvolvemento local.
- Incentivar a creación de microempresas como unha das formas de potenciar o autoemprego, fundamentalmente a través de:
  - proxecto de promoción de emprego autónomo. Prevense axudas a 2.200 persoas;
  - apoio á creación de empresas tecnolóxicas, a través de convenios coa Universidade, entre outros;
  - apoio a microempresas no medio rural, mediante proxectos como o abono de cotas á seguridade social aos cotitulares das explotacións agrarias e plans de inserción laboral en comarcas con problemas de despoboamento.
- Fomento e apoio ao cooperativismo e á creación de empresas de economía social (plan estratéxico do cooperativismo)

- Emprego estable e de calidade:
  - Fomento da contratación indefinida
    - Acordos de estabilidade cos axentes sociais: pactos sectoriais e territoriais. Estímase a firma de 15 acordos coas asociacións impulsoras dos pactos territoriais.
    - Plans de incremento da empregabilidade: fomento da estabilidade no emprego no ámbito do Acordo polo emprego. En torno ás 2.800 persoas beneficiaranse das axudas.
  - Incentivar a contratación, en particular, dos colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión. Teñen especial relevancia os incentivos a favor do emprego xuvenil (*plan contigo*), os incentivos a favor do emprego feminino (*plan aurora*), as medidas que facilitan a conciliación da vida laboral e persoal e os plans de igualdade de xénero (*plan aurora*), e os incentivos á contratación de persoas con discapacidade, ademais dos centros especiais de emprego ou unidades de apoio.
    - Incentivos ao emprego xuvenil: 1.150 empresas (en torno ás 1.900 persoas);
    - Igualdade de xénero: en torno a 50 empresas porán en marcha medidas para loitar contra a discriminación da muller no eido laboral;

        - Discapacitados: estímase que o colectivo beneficiario situarase en torno ás 2.100 persoas e 400 empresas recibirán incentivos á contratación (20 do terceiro sector)
- Mellora das relacións laborais
    - Mellora das condicións laborais, entre as que figuran actuacións de axudas aos traballadores do sector téxtil
    - Promoción da igualdade das mulleres no ámbito laboral
- Redución dos accidente laborais
    - Avaliacións de riscos e planificación e difusión da actividade preventiva, con especial incidencia de plans de prevención en sectores de alto risco. Destácase a creación do Instituto galego de seguridade e saúde laboral para reforzar e implantar a cultura preventiva e mellorar a resposta dos órganos técnicos
    - Promoción de condutas preventivas
    - Mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo

As actuacións no eido do emprego teñen o respaldo dos axentes económicos e sociais, xa que están enmarcadas no *Plan Novo Marco de relacións laborais en Galicia: Acordos polo emprego* e no *Plan de promoción do traballo en igualdade das mulleres de Galicia*; ademais dos plans transversais *Aurora* e *Contigo*.

O FSE financia actuacións de apoio ao emprego nos eixes 1 (Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios), 2 (Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres), e 3 (Aumento e mellora do capital humano).

6. Servizos sociais e dependencia

(comprende a función 31 Acción social e promoción social)

Importe: **570 M€**

Obxectivos:

- Ampliar e mellorar a cobertura das prestacións e servizos e fomento da autonomía persoal das persoas en situación de dependencia

Ao abeiro da Lei de dependencia coa finalidade de ampliar a cobertura dos servizos e prestacións aos dependentes, estímanse os seguintes novos usuarios dos servizos en 2009:

- servizos de coidados no seu contorno familiar: total de 4.717 persoas (1.887 homes e 2.830 mulleres)
- servizo de axuda no fogar: 1.238 persoas (495 homes e 743 mulleres)
- servizo de teleasistencia: 572 persoas (229 homes e 343 mulleres)
- novas prazas: crearanse 1685 prazas.
- valoracións: estímanse unhas 30.000 novas valoracións.

- Afianzamento do benestar social; servizos dirixidos fundamentalmente a :
  - Familias e infancia
    - Mellorar os servizos: creación e potenciación de servizos de calidade de coidado e atención á infancia
    - Cualificación das persoas implicadas nos servizos de atención á infancia
    - Sostemento da rede galega de escolas infantís
    - Difusión dos recursos existentes para as familias e extensión dos recursos para familias con necesidades especiais
    - Potenciar a rede de educación familiar
    - Extensión dos recursos para familias con necesidades especiais
    - Educación social e reintegración de menores en conflictividade social e menores tutelados
  - Xuventude
    - facilitar a participación da mocidade na política xuvenil e difusión das accións a favor da xuventude;
    - fomento da participación xuvenil: promover entre a mocidade galega unha maior identificación co seu país e promoción da creatividade da mocidade galega.

- Implantación e fomento da acción do voluntariado: consolidación de accións, mellora e posta en marcha de instrumentos de sensibilización e fomento doutras novas accións de voluntariado.
- Inclusión social: dedicarase especial especial atención ás necesidades dos colectivos en risco de exclusión.
- Apoio á inserción laboral de colectivos en risco de exclusión ou con discapacidade mediante o *Plan integral da discapacidade*, prestando especial atención ao apoio en formación e habilidades ás persoas con discapacidades.

- Consolidación do sistema de pensións e prestacións e prestacións sociais.
- Manter, reforzar e incrementar a atención social primaria nos municipios.
- Afianzamento do benestar social no eido das infraestruturas mediante a creación de novos centros e/ou novas prazas para os seguintes colectivos:
  - poboación infantil (escolas infantís);
  - poboación maior;
  - mulleres que sofren violencia de xénero;
  - discapacitados.
- Promoción da igualdade da muller mediante as seguintes actuacións:
  - Medidas de conciliación
  - fomentar a igualdade de oportunidades
  - concienciación, información e formación sobre igualdade
  - fomento da empregabilidade das mulleres
  - corrección de discriminacións existentes.
- Atención integral ás mulleres que sofren violencia. As actuacións centraranse:
  - Na reinserción social e laboral;
  - Na axuda á independencia económica;
  - No fomento da colaboración e voluntariado neste programa;
  - Na difusión de recursos e apoio ás mulleres.

As accións que desenvolven estes obxectivos contan con financiamento do FSE no eido da promoción e inserción no mercado de traballo e na prioridade transversal de inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, cunha especial atención ás mulleres, persoas con discapacidade e persoas migrantes (emigrantes retornados e inmigrantes)

Todas as accións desenvolveranse no marco dos seguintes Plans de actuación*: I Plan de desenvolvemento do sistema galego de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, *II Plan de inclusión social de Galicia*, *IV Plan integral de apoio ás familias galegas*, *Plan de fomento da corresponsabilidade*, *Plan estratéxico galego da infancia e da adolescencia* e *V Plan do goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes*.

7. Transporte público

(se corresponde co programa de gasto 512A.

Importe: **78 M€**

Obxectivos e indicadores:

- mellora da mobilidade e fomento do uso do transporte público
- sostenibilidade do sistema de transporte público de viaxeiros
- ampliación da oferta dos servizos de transporte público
    - programa de transporte metropolitano
    - convenios cos operadores de ferrocarril
- adaptación do transporte de mercadorías ás variables de custes e mercado: desenvolvemento do plan de acción do sector de transportes de mercancías (PETRAGAL)

Para o cumprimento destes obxectivos figura o Plan de mellora do transporte público de Galicia.

Entre as principais actuacións destacan:

- integración ferroviaria da alta velocidade e plataformas loxísticas
- programa de mellora da accesibilidade nas liñas de transporte interurbano e metropolitano. Prevese 100.000 usuarios da tarxeta de transporte metropolitano cun total de 20 concellos adheridos e 23 novas concesións
- medidas de seguridade nos taxis
- programa de mellora da accesibilidade nas liñas de transporte interurbano.
- Actuacións de promoción do transporte (pitgal) (noitebús concellos)
- Actuacións de promoción do transporte (pitgal). (noitebús transportistas)
- promoción do transporte urbano limpo. Prevense adquirir 15 novos vehiculos
- plataformas loxísticas e transporte intermodal. PLISAN (acceso)
- convenio ADIF-FOMENTO para supresión de pasos a nivel

Parte das actuacións finánciánse con Fondos estructurais, fundamentalmente a través do FEDER (Eixe 4: Transporte e enerxía).

8. **Vivenda (**correspóndese coa función 45).

Importe**: 210 M€**

Obxectivos e indicadores:

- Facilitar o acceso á vivenda para que a vivenda protexida amplíe o seu peso nos mercados de vivenda:
  - dinamizar o mercado de vivendas de aluguer mediante:
    - subvencións a propietarios de vivendas incorporadas ao Programa de vivenda en aluguer. Estímanse 450 axudas e 500 vivendas incorporadas ao PVA;
    - incrementar as subvencións a inquilinos que aluguen a súa vivenda no marco do Programa de vivenda en aluguer. Estímanse 2.400 axudas;
    - subvencións recoñecidas polo programa renda básica de emancipación. Estímanse un total de 5.500 axudas
    - mellorar o financiamento das oficinas encargadas da xestión do Programa vivenda en aluguer (PVA) e da Renda básica de emancipación (RBE)
  - fomentar a promoción de vivendas novas de protección autonómica para o arrendamento:
    - subvencións á nova construción para o aluguer e aloxamentos protexidos;
    - subvencións ás promocións de VPA para aluguer;
    - subvencións á urbanización protexida de solo para construción de VPA.
  - construír novas vivendas. Estímase construír 2.078 novas vivendas.
  - creación de novo solo residencial. Estímase en 259.947 m^2 de superficie urbanizada.
  - erradicar o chabolismo e a infravivenda rural e establecer axudas para o remate exterior de vivendas rurais unifamiliares. Estímanse en 25 as axudas para a erradicación de chabolas e en 33 as axudas para infravivendas, xunto a 100 novas axudas para remate exterior de fachadas.
- Fomentar a calidade da vivenda e promover a súa rehabilitación
  - continuar coa rehabilitación de edificios de especial valor histórico e do seu contorno.

- fomentar a rehabilitación de tecidos urbanos degradados e de centros, núcleos e cidades históricas. Estímase a rehabilitación de 2.390 edificios.
- mantemento das oficinas municipais de rehabilitación. Haberá 35 Portelos únicos de vivenda.
- mellorar a calidade, accesibilidade, redución do consumo enerxético e seguranza estrutural. Estímase a rehabilitación de 3.750 vivendas e a concesión de 100 axudas para a mellora da calidade da accesibilidade e novas técnicas arquitectónicas.
- promover a rehabilitación de calidade no medio rural e nos conxuntos históricos. Estímanse 2.827 axudas á rehabilitación de vivendas no medio rural, 1.227 para vivendas en conxuntos históricos e 88 axudas para vivendas e locais comerciais e/ou de actividade empresarial.

9. Sanidade

(comprende a función 41: os programas de gasto 411A, 412A. Atención especializada, 412B. Atención primaria, 413A. Protección e promoción da saúde pública e 414A. Formación de graduados e posgraduados.

Importe: **3.788 M€**

Obxectivos:

- Mellorar as prestacións e servizos da sanidade pública en Galicia
- Consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa do sistema sanitario
- Protección e promoción da saúde pública:
    - mellorar e potenciar as actuacións preventivas (ampliación de servizos preventivos: extensión dos servizos de vacinas);
    - mellorar e potenciar as accións preventivas e a incorporación social dos drogodependentes;
    - Continuar coas actuacións contempladas no *Plan estratéxico de saúde mental de Galicia*
    - Garantir o acceso á información de calidade do sistema aos cidadáns e aos profesionais do sistema sanitario:
    - Mellora dos sistemas de planificación sanitaria e aseguramento
    - Creación dun novo rexistro poboacional en tarxeta sanitaria
    - Aumentar a implementación do Plan de investigación do sistema sanitario público galego
    - Mellorar a formación de graduados e posgraduados, incidindo tamén na mellora da calidade da formación continuada dos profesionais sanitarios
- Mellora da atención especializada:
    - Desenvolvemento do mapa de procesos
    - Garantir a calidade dos procesos de servizos e das infraestruturas e equipamentos dispoñibles
    - Mellora da calidade e accesibilidade das prestacións sanitarias mediante,
        - O convenio de atención odontolóxica
        - A prestación ortoprotésica
        - O convenio para rexistro e estudio de malformacións conxénitas
- Mellora da atención primaria
    - Desenvolvemento do plan de mellora en atención primaria
    - Optimizar a xestión clínica en atención primaria: autoxestión e historia clínica electrónica (IANUS) (o proxecto de Historia clínica electrónica, denominada

"IANUS", é o sistema que integra a información asistencial dos pacientes atendidos na rede asistencial pública)

- Desenvolvemento do mapa de procesos e mellora da atención aos pacientes
- Plan de atención integral á saúde da muller en Galicia (PAISM): atender a saúde da muller ao longo de todo o seu ciclo vital; é dicir, atención integral deseñada especificamente aos problemas de saúde máis prevalentes na muller
- Uso racional do medicamento

As actuacións de mellora da atención primaria atópanse instrumentadas no *Plan de mellora da atención primaria de Galicia 2007-2011*, dirixida fundamentalmente a tres grandes colectivos:

- á cidadanía, para satisfacer as novas necesidades asistenciais e facilitar as decisións que afectan á súa saúde
- aos profesionais, respondendo as súas demandas, facilitando o seu desenvolvemento profesional.
- á organización, mellorando a súa calidade e eficiencia na xestión.

- Céntrase nos seguintes aspectos estratéxicos "clave":
  - A calidade dos servizos que se prestan: obxectivo irrenunciable da Administración sanitaria, que inclúe os compoñentes científicos e técnicos, xunto aos parámetros de accesibilidade, recursos, organización e participación.
  - A capacidade de resolución: Incrementando a efectividade diagnóstica e terapéutica e facilitando a formación dos profesionais, o acceso a probas e tecnoloxías e a aplicación de guías clínicas.
  - A continuidade asistencial, sen esquecer a promoción da saúde e a prevención das enfermidades.

- Este plan ten como finalidades:
  - Responder ás novas demandas sanitarias da poboación galega e mellorar os resultados en saúde.
  - Responder as necesidades demandadas polos profesionais e encamiñadas á mellora das condicións de traballo, facilitando o seu desenvolvemento profesional

- Coordinar e ampliar a cobertura e mellora de calidade da carteira de servizos.
- Mellorar a capacidade resolutiva e a accesibilidade aos medios diagnósticos.
- Impulsar a coordinación / integración da Atención Primaria e Especializada a través da aplicación do Plan de Saúde e da xestión por procesos.
- Fomentar a autoxestión dos centros, coa xestión clínica na unidade ou servizo de atención primaria, integrando o PAC no propio servizo, e desenvolvendo actividades de mellora da carteira de servizos de AP, a capacidade resolutiva e a xestión de recursos por parte dos profesionais clínicos.
- Mellorar a accesibilidade dos usuarios, coa atención ás reclamacións, información nos centros e na web, e desenvolvemento da cita telefónica centralizada.

As actuacións a desenvolver no eido da sanidade atópanse integradas nos seguintes plans:

a. Plan de atención integral á saúde das mulleres
b. Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009
c. Plan de saúde pública
d. Plan de dotación de alta tecnoloxía e equipamento sanitario do SERGAS
e. Plan de compras integradas do SERGAS. proxecto INTEGRACOM
f. Plan de construción e reformas en centros de asistencia sanitaria
g. Plan de estabilidade para facultativos especialistas dos hospitais do SERGAS
h. Plan de formación continuada
i. Plan de mellora da atención primaria de Galicia 2007-2011
j. Plano de uso racional do medicamento
k. Plano estratéxico de elaboración de guías de práctica clínica
l. Plano para a prevención da violencia laboral no servizo galego de saúde
m. Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2006 – 2011

n. Plano de desenvolvemento da i+d+i en biomedicina e ciencias da saúde
o. Plan de transferencia efectiva de coñecemento para unha mellor calidade asistencial
p. Rede Saúde. Plan de tecnoloxías da información

PLANS DE CARÁCTER TRANSVERSAL

Entre os Plans de carácter transversal, destaca o **Plan de reequilibrio territorial de Galicia 2007-2010**, que ten como obxectivo xeral impulsar o **desenvolvemento económico equilibrado e sostible** de Galicia, reforzando a cohesión socio-territorial para corrixir os desequilibrios internos a partir dun proceso de **dinamización económica**, planificación e coordinación das actuacións das Administracións Públicas en infraestruturas, apoio aos sectores produtivos e equipamentos.

Este plan desenvolverase a través da actuación de 25 núcleos dinamizadores nun ámbito territorial que abarca o 88% da superficie de Galicia e o 38% da poboación galega, distribuíndo as actuacións en catro Zonas xeográficas: Lugo - A Coruña Norte; A Coruña occidental; Lugo -A Coruña Sur - Pontevedra interior norte e Ourense - Pontevedra interior sur

A configuración do Plan de reequilibrio territorial instruméntase nos seguintes ámbitos sectoriais: infraestruturas produtivas (transporte, urbanismo e mobilidade e comunicacións), medio ambiente e sostenibilidade, equipamentos sociais e vivenda (educación e formación, saúde, infraestruturas sociais e vivenda), medio rural e pesca, e por último o ámbito de promoción económica (a través de programas de innovación e industria, economía e emprego, turismo, comercio e servizos e solo industrial).

O importe da anualidade para o 2009 ascende a 382 M€. As actuacións máis relevantes no ano 2009 son as seguintes:

Na Vicepresidencia inclúense as actuacións por importe de 27,8M€ de apoio integral ás familias e a infancia, que se desenvolverán en gran medida a través do Consorcio galego de servizos sociais, estimando a creación ou mellora de máis de 85 escolas infantís e máis de 4.000 novas prazas.

Na consellería de Eonomía e Facenda as actuacións de apoio ao desenvolvemento empresarial do IGAPE complementaranse co enfoque territorial cunha dotación financeira de 28M€.

Na consellería de Obras públicas:

No tocante ao programa de gasto 512 B Construción, Conservación e Explotación de Estradas:

- atendendo ao obxectivo de completar a rede viaria de altas prestacións figuran no orzamento as seguintes actuacións: VAC Brión-Noia, VAC Berdoias-Cee, Actuacións do PLISAN, VAC Ferrol-San Cibrao (tramos correspondentes as provincias de Lugo e A Coruña)
- para a mellora da accesibilidade nos ámbitos comarcais e ós eixes de articulación territorial:
    - construción de estradas convencionais na rede de articulación territorial principal: figuran as seguintes actuacións: mellora trazado e capacidade C-550 Cee-Tui.Tramo: Muros-Noia
    - construción de estradas na rede de articulación territorial complementaria: figuran as seguintes actuacións Moncelos-Abadín, Pazos de Borbén-Forzáns, mellora de accesos a Castrelo de Miño (OU 403), Quiroga-Folgoso e Becerreá-Navia de Suarna, tramo I/II LU 722.
- mellora-la seguridade e mobilidade en ámbitos urbanos e metropolitanos: execución de variantes: executaranse as seguintes actuacións: Variante de Carballo, acceso ao porto de Burela, variante de Allariz e acceso ao porto de Brens en Cee.

Respecto ao programa de gasto 513A Construción, conservación e explotación portuaria, executaranse actuacións en portos por importe de 17,2M€

Na consellería de Educación, no programa de gasto 422A Educación infantil, primaria e ESO están consignadas as obras no CEIP de Monterroso

Na consellería de Medio Rural:

No tocante ao programa 713B Ordenación das producións forestais, co obxectivo de loitar contra o cambio climático: aumento da superficie forestal, están previstas as seguintes actuacións:

- valorización, creación e diversificación das masas forestais: máis de 100 MVMC recibirán axudas, reforestando un total de 1.100 Has, de coníferas, 65 Has. de masas mixtas, 65 has de frondosas a través do apoio de máis de 60 actuacións.
- axudas á forestación de terras non agrícolas: estimándose máis de 870 axudas, amáis de 1.300 agrupacións e máis de 5.700 CMVMC.
- axudas a frondosas caducifolias, prevéndose axudas a máis de 450 beneficiarios de 72 agrupacións en 2.186 CMVMC.

Tamén se prevén actuacións para fomentar iniciativas económico-ambientais dobremente beneficiosas que axuden a diminución de incendios con máis de 120 accións cun volume de investimento de 5M€ entre outras actuacións

Na consellería de Sanidade, o Servizo Galego da Saúde (SERGAS) ten previsto no eido dos programas de gasto 412A de atención especializada e Programa 412B de atención primaria, continuar coas obras de reformas e ampliacións en centros de saúde.

Na consellería de medio ambiente prevense obras de promoción da implantación da Axenda 21 e obras relativas ao ciclo da auga, ao saneamento e abastecemento de auga coa construción de tres novas estacións de depuración de augas residuais (EDAR), e nova rede creada cunha extensión de 171 km.

Na consellería de Traballo reforzaranse as actuacións en promoción do emprego e inserción laboral, coas accións de formación para desempregados e ocupados nas zonas da área xeográfica do Plan

Na consellería de Vivenda e solo levaranse a cabo obras de rehabilitación de vivendas no rural e de conxuntos históricos en case 2.000 vivendas.

Plan da Costa da Morte 2006-2010

Este plan ten como obxectivo crear un modelo de desenvolvemento endóxeno que promova novas iniciativas empresarias e emprego, co acento posto nas políticas medioambientais e no aproveitamento dos recursos naturais e culturais e co fomento das políticas de cooperación, colaboración e formación continua de cara a lograr un novo escenario de maior presenza e converxencia da Costa da Morte .

Neste Plan de carácter transversal articúlase en base a tres grandes eixes de actuación:

- Capital humano. Emprego e cualificación
- Capital físico:
    - Estradas, transporte e urbanismo
    - portos
    - medio ambiente
    - equipamento sanitario, educativo, asistencial e deportivo
    - vivenda, conxuntos históricos e patrimonio cultural
    - solo empresarial
- Dinamización do crecemento económico
    - Modernización e impulso ás actividades empresariais
    - Turismo
    - Pesca e acuicultura
    - Medio rural

O importe da anualidade para o 2009 é de 45 M€.

Nos orzamentos 2009 prevense actuacións na consellería de economía e facenda no programa de gasto 741 C Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos que xestiona o Instituto galego de promoción económica na zona xeográfica cunha previsión de desenvolver 75 proxectos.

Na consellería de Política territorial, obras públicas e transporte inclúense no programa de gasto 512B. Construción, conservación e explotación de estradas, prevense actuacións nas seguintes estradas:

AC/04/158.00 Variante de Carballo, Acondicionamento da AC-433 enlace (AC-431/AC-432) Laxe-Ponte do Porto, AC/03/006.01 Mellora do trazado e capacidade da C-550 Cee-TUI.TRamo:Muros-Noia, AC/06/194.00 Vía de alta capacidade VAC Berdoias-Cee, AC/04/159 Acceso ao Porto de Brens en Cee.

No eido do programa de gasto 513A Construción, conservación e explotación portuaria, levaranse a cabo proxectos polo Ente Público Portos de Galicia co obxectivo de mellorar e modernizar os portos e lugares de desembarque ,cun total de 7.150 m3 de dragados

Na consellería de educación prevense as obras de ampliación do CEIP Os Muíños de Muxía e a construción do novo CEIP de Carballo.

Na consellería de Sanidade prevense obras no programa 412B. Atención primaria para a construción de novos centros de saúde de Coristanco e Malpica de Bergantiños.

Na consellería de medio ambiente prevense obras de promoción da implantación da Axenda 21

Na consellería de Traballo reforzaranse as actuacións en promoción do emprego e inserción laboral, coas accións de formación para desempregados e ocupados nas zonas da área xeográfica do Plan.

Na consellería de Vivenda e solo levaranse a cabo obras equipamentos na Costa da morte para fomentar a rehabilitación de tecidos urbanos degradados e de centros, núcleos e cidades históricas.

Acordo pola Competitividade de Galicia, 2008-2011

O Acordo pola Competitividade 2008-2011 é o resultado do proceso de concertación da Xunta de Galicia coa Confederación de Empresarios de Galicia, UGT-Galicia e o S.N. de CC.OO. de Galicia, no que se definen medidas de impulso do crecemento económico e social de Galicia, avanzando na dimensión dunha maior converxencia cós territorios máis desenvolvidos de Europa. Con este Acordo preténdese poñer o concepto de competitividade no centro da actuación pública en sinerxía coas iniciativas que xurdan noutros ámbitos.

O Acordo pola Competitividade, supón un instrumento de planificación para os próximos catro anos no que se definen obxectivos e estratexias reorientadas a avanzar no logro de obxectivos globais como son a converxencia, a competitividade e a produtividade.

O Acordo está baseado en favorecer a modernización e diversificación da economía galega, mellorando a competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas e impulsando a produtividade destas últimas. Unha aposta decidida polo fomento dunha economía baseada no coñecemento, na cohesión social e no desenvolvemento equilibrado e sostible de todo o territorio de Galicia.

Eixes estratéxicos

O Acordo define cinco eixes estratéxicos que deben contribuír á consecución dos obxectivos e que se expresan en medidas concretas. Os eixes que define este Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011 son os seguintes:

- EIXE 1. Desenvolvemento e modernización empresarial
- EIXE 2. Demografía, mercado de traballo e capital humano
- EIXE 3. I+D+i e Sociedade da Información
- EIXE 4. Redes de transporte infraestruturas enerxéticas
- EIXE 5. Medioambiente e Territorio

Os eixes estratéxicos presentados inciden no desenvolvemento económico de Galicia a través da competitividade e a produtividade, e constitúen en si mesmos ou de forma conxunta aspectos sobre os que o Acordo pola Competitividade debe definir a súa estratexia para os próximos catro anos.

Obxectivos:

Directamente relacionados coa produtividade están a dispoñibilidade de capital produtivo, infraestruturas, capital humano e os recursos naturais. A inversión, tanto pública como privada, resulta decisiva para mellorar a situación dos factores anteriores, de aí que en si mesma a súa inclusión sexa un obxectivo.

Tamén se consideran como obxectivos que inciden no desenvolvemento económico a través da competitividade, e directamente relacionados cos anteriores, os seguintes: o avance dos sectores produtivos, a actividade empresarial, a internacionalización da economía, o fomento da participación e cooperación dos axentes socioeconómicos, conseguir un equilibrio espacial da actividade económica cunha idónea ordenación do territorio e adoptar a calidade como referente para o modelo de crecemento.

O fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación e a sociedade da información tamén constitúen factores relevantes – existe amplo consenso sobre a súa importancia-, en termos de aumento da produtividade e da competitividade da economía.

Finalmente, debido á relación co medio e o desenvolvemento sostible tamén se inclúe a conservación do medio como un dos piares fundamentais nos que se ten que fundamentar o novo modelo de crecemento de Galicia.

Nos Orzamentos do 2009 as achegas para executar as medidas comprometidas no Acordo ascenden a 2.179 millóns, un 27,7% do importe total deste Acordo cuatrienal.

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

Grupo	1	ACTUACIÓNS DE CARACTER XERAL
Función	1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Subfunción	1 1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Programa	1 1 1 A	PRESIDENCIA DA XUNTA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

OBXECTIVOS OPERATIVOS

SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

ACCIÓNS

Descripción	Sec	Cap	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	04	I	2.545.802
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	04	II	1.819.590
TRANSFERENCIAS CORRENTES			
A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	04	IV	80.000
INVESTIMENTOS REAIS			
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	04	VI	27.064
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	04	VI	115.552
TOTAL			**4.588.008**

CENTROS XESTORES E DATOS ECONÓMICOS

Centros Xestores		Capítulos Orzamentarios									
(Servizos)	Sec	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
SECRETARÍA XERAL DA	04	2.438.861	1.819.590		80.000		142.616				**4.481.067**
DIRECCIÓN X.DO GABIN	04	106.941									**106.941**
TOTAL		**2.545.802**	**1.819.590**		**80.000**		**142.616**				**4.588.008**

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

Grupo	1	ACTUACIÓNS DE CARACTER XERAL
Función	1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Subfunción	1 1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Programa	1 1 1 B	ACTIVIDADE LEXISLATIVA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

OBXECTIVOS OPERATIVOS

SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

ACCIÓNS

Descripción	Sec	Cap	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	01	I	9.891.715
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	01	II	7.201.710
TRANSFERENCIAS CORRENTES			
A SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTROS ENTES PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	01	IV	54.000
A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	01	IV	2.700.090
INVESTIMENTOS REAIS			
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	01	VI	535.950
INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	01	VI	939.000
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	01	VI	50.300
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			
A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	01	VII	34.525
ACTIVOS FINANCEIROS	01	VIII	112.0
TOTAL			**21.519.290**

CENTROS XESTORES E DATOS ECONÓMICOS

Centros Xestores		Capítulos Orzamentarios									
(Servizos)	Sec	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
PARLAMENTO	01	8.304.250	6.857.210		2.753.990		1.511.750	30.000	100.000		**19.557.200**
VALEDOR DO POBO	01	1.587.465	344.500		100		13.500	4.525	12.000		**1.962.090**
TOTAL		**9.891.715**	**7.201.710**		**2.754.090**		**1.525.250**	**34.525**	**112.000**		**21.519.290**

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

Grupo	1	ACTUACIÓNS DE CARACTER XERAL
Función	1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Subfunción	1 1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Programa	1 1 1 C	CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

OBXECTIVOS OPERATIVOS

SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

ACCIÓNS

Descripción	Sec	Cap	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	02	I	5.547.493
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	02	II	1.537.158
TRANSFERENCIAS CORRENTES			
AO EXTERIOR	02	IV	2.705
INVESTIMENTOS REAIS			
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	02	VI	743.057
INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	02	VI	117.555
ACTIVOS FINANCEIROS	02	VIII	36.0
TOTAL			**7.984.029**

CENTROS XESTORES E DATOS ECONÓMICOS

Centros Xestores		Capítulos Orzamentarios									
(Servizos)	Sec	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
CONSELLO DE CONTAS	02	5.547.493	1.537.158		2.705		860.612		36.061		**7.984.029**
TOTAL		**5.547.493**	**1.537.158**		**2.705**		**860.612**		**36.061**		**7.984.029**

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

Grupo	1	ACTUACIÓNS DE CARACTER XERAL
Función	1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Subfunción	1 1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Programa	1 1 1 D	ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

ADECUADO ASESORAMENTO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

OBXECTIVOS OPERATIVOS

REALIZACIÓN DE ESTUDOS SOCIOLÓXICOS
SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

ACCIÓNS

Descripción	Sec	Cap	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	03	I	1.292.890
GASTOS DE PERSOAL	04	I	652.402
GASTOS DE PERSOAL	20	I	1.663.366
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	03	II	1.333.550
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	04	II	696.047
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	20	II	418.476
TRANSFERENCIAS CORRENTES			
A SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTROS ENTES PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	04	IV	237.896
A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	03	IV	140.000
INVESTIMENTOS REAIS			
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	03	VI	83.000
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	04	VI	44.329
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	20	VI	266.000
INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	04	VI	40.000
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	03	VI	300.000
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	04	VI	520.000
TOTAL			**7.687.956**

CENTROS XESTORES E DATOS ECONÓMICOS

Centros Xestores (Servizos)	Sec	Capítulos Orzamentarios I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
CONSELLO DA CULTURA	03	1.292.890	1.333.550		140.000		383.000				**3.149.440**
SECRETARÍA XERAL DE	04	652.402	696.047		237.896		604.329				**2.190.674**
CONSELLO CONSULTIVO	20	1.663.366	418.476				266.000				**2.347.842**
TOTAL		**3.608.658**	**2.448.073**		**377.896**		**1.253.329**				**7.687.956**

MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

Grupo	1	ACTUACIÓNS DE CARACTER XERAL
Función	1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Subfunción	1 1 1	ALTA DIRECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
Programa	1 1 1 E	RELACIÓNS EXTERIORES

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

ACHEGAR A GALICIA NO CONTEXTO DE REXIÓN EUROPEA COMO PAÍS CON IDENTIDADE PROPIA.
DESENVOLVER A ESTRATÉXIA DA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA
SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

OBXECTIVOS OPERATIVOS

CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DE DELEGACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA NO EXTERIOR
CONSOLIDAR A REPRESENTACIÓN DE GALICIA NO MARCO EUROPEA
DISPOR DE INFORMACIÓN EN MATERIA EXTERIOR PARA COÑECEMENTO PROPIO E DIFUSIÓN
EXERCICIO DA COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL
PARTICIPACIÓN NAS ORGANIZACIÓNS REXIONAIS EUROPEAS NON COMUNITARIAS
POTENCIAR A FORMACIÓN SOBRE PROXECTOS, PROGRAMAS E NORMATIVA COMUNITARIA
SOPORTE XERAL DO PROGRAMA

ACCIÓNS

Descripción	Sec	Cap	TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	04	I	1.487.570
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	04	II	1.583.434
GASTOS FINANCEIROS	04	III	6.10
TRANSFERENCIAS CORRENTES			
A SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTROS ENTES PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	04	IV	669.664
A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	04	IV	16.000
AO EXTERIOR	04	IV	202.021
INVESTIMENTOS REAIS			
INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS	04	VI	46.796
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	04	VI	222.000
TOTAL			**4.233.585**

CENTROS XESTORES E DATOS ECONÓMICOS

Centros Xestores (Servizos)	Sec	Capítulos Orzamentarios I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	TOTAL
SECRETARÍA XERAL DE	04	1.487.570	1.583.434	6.100	887.685		268.796				**4.233.585**
TOTAL		**1.487.570**	**1.583.434**	**6.100**	**887.685**		**268.796**				**4.233.585**

